




LOOKS AND SMILES

Gran Bretaña | 1981 | 104 min | Drama

DIRECCIÓN: Ken Loach

GUIÓN: Barry Hines

MÚSICA: Marc Wilkinson

FOTOGRAFÍA: Chris Menges

INTÉRPRETES: Graham Green, Carolyn Nicholson, Tony Pitts, Roy Haywood, Phil Askham, Pam Darell, Tracey Goodlad, Patti Nicholls, Cilla Mason, Les Hickin, Arthur Davies, Deirdre Costello, Jackie Shinn, Christine Francis

SINOPSE: Mick, de dezasete anos, non consegue atopar traballo. Ocorreselle entón alistarse no exército, pero os seus pais opóñense radicalmente. Mentres tanto empeza a saír coa dependenta dunha zapataría.

Se hai unha etapa pouco coñecida de Ken Loach, son os anos oitenta. O propio cineasta menosprézasa *Carry on Ken* (2006) un documental dirixido por Tony Reisz para Channel Four, no que o cineasta, aínda ebrío logo de recibir a Palma de Ouro no Festival de Cannes con *The Wind that Shakes the Barley* (2006), repasa a súa carreira considerando tan só os seus éxitos. Así describe esa época o cineasta: “Parecía coma se non puidese facer nada... Coma se nunca máis puidese volver facer algo. Entón, fixen algúns anuncios aos que estiven moi agradecido naquel momento, e traballei con moi boa xente. Non é que... Cando asomas a cabeza por encima da estrutura política, xorde unha especie de incompatibilidade da que eu era moi consciente. Pero era aquilo ou nada”. Nese *nada* que Loach menciona figura, con todo, *Looks and Smiles*, coa que, aínda que non tivo moito público, si competiu polo menos no Festival de Cannes, onde levou o Premio da Mocidade. Así mesmo, a película produciu un impacto social pois, grazas a ela, varios colexios rexeitaron as estupendas charlas que habitualmente impartía o exército tratando de captar aos mozos. Forma parte tamén da era Hines-Menges, cando o cineasta, despois do seu primeiro fito cinematográfico, *Kes* (1970), insiste en adaptar a obra do novelista Barry Hines (*The Game Keeper*, para televisión, e *Fatherland*, en 1986) e o director de fotografía, Chris Menges, que tería unha grande influencia no futuro estilo do seu realizador: “Chris falaba moito da súa obra; sobre a cámara como un observador, non como algo para coller e correr en busca da acción, senón para sentar e observar, iluminando para non obstruír, senón para simpatizar e naturalizar. Dalgún xeito, ese é o estilo que tentei seguir desde entón”.

Tras unha introdución militar, *Looks and Smiles* ábrese cuns planos de inicio moi característicos na obra do seu autor: esa cidade que vai espertando ou esa paisaxe natural que se vai

cuibrindo de luz. O cinema de Loach propón case sempre unha viaxe do silencio ao berro, da quietude ao latexo. Neste filme, con todo, imponse un inquietante statu quo, no que a única saída que ofrece o goberno é facer unha carreira militar. Dese xeito, o Estado asegúrase un filón de mozos activos imprescindible para logo baterlle nas manifestacións a todo aquel que denuncie publicamente a súa inactividade ou reivindique unha mellora nas condicións de traballo, e ninguén aborta o temible ciclo thatcheriano. A imposibilidade de avanzar imponse sobre a necesidade de crecer, de acceder a un medio de vida. E por primeira e única vez na obra de Loach, ese choque vén retratado en branco e negro, cunha conciencia plenamente documental. *No future*. A Inglaterra grisácea dos anos oitenta é un mundo escuro, pechado, ao que un só pode pertencer despois de prestar xuramento. Fronte a iso, a película ofrece unha visión moi pouco compracente: resalta a antipatía do integrado, o mozo orgulloso da súa incipiente carreira militar, e a torpeza do mozo desnortado. Dúas caras dunha mesma moeda que, baixo o ollo crítico de Loach, perdeu traxicamente todo o seu valor.

Daniel Gascó





SINOPSIS: Mick, de diecisiete años, no consigue encontrar trabajo. Se le ocurre entonces alistarse en el ejército, pero sus padres se oponen radicalmente. Mientras tanto empieza a salir con la dependienta de una zapatería.

Si hay una etapa de Ken Loach poco conocida, esa es la de los años ochenta. El propio cineasta la ningunea en *Carry on Ken* (2006) un documental dirigido por Tony Reisz para Channel Four, en el que el cineasta, todavía ebrio tras llevarse la Palma de Oro en el Festival de Cannes con *The Wind that Shakes the Barley* (2006), repasa su carrera considerando tan solo sus éxitos. Así describe esa época el cineasta: "Parecía como si no pudiera hacer nada... Como si nunca más pudiera volver a hacer algo. Entonces, hice algunos anuncios a los que estuve muy agradecido en aquel momento, y trabajé con muy buena gente. No es que... Cuando asomas la cabeza por encima del parapeto político, surge una especie de incompatibilidad de la que yo era muy consciente. Pero era aquello o nada". En esa *nada* que Loach menciona figura, sin embargo, *Looks and Smiles*, con la que, si no tuvo mucho público, sí compitió al menos en el Festival de Cannes, llevándose el Premio de la Juventud. Así mismo, la película produce un impacto social pues, gracias a ella, varios colegios rechazaron las estupendas charlas que habitualmente impartía el ejército tratando de captar a los jóvenes. Forma parte también de la era Hines-Menges, cuando el cineasta, después de su primer hito cinematográfico, *Kes* (1970), insiste en adaptar la obra del novelista Barry Hines (*The Game Keeper*, para la televisión, y *Fatherland*, en 1986) y el director de fotografía, Chris Menges, de gran influencia en el futuro estilo de su realizador: "Chris hablaba mucho de su obra; sobre

la cámara como un observador, no como algo para cogerlo y correr en busca de la acción, sino para sentarse y observar, iluminando para que no obstruya, sino para que simpatice y naturalice. De algún modo, ese es el estilo que he intentado seguir desde entonces".

Tras una introducción militar, *Looks and Smiles* se abre con unos planos de inicio muy característicos en la obra de su autor: esa ciudad que va despertando o ese paisaje natural que va cubriéndose de luz. El cine de Loach propone casi siempre un viaje del silencio al grito, de la quietud al palpito. En este film, sin embargo, se impone un inquietante *statu quo*, en el que la única salida que ofrece el gobierno es hacer una carrera militar. De ese modo, el Estado se asegura un filón de jóvenes activos imprescindible para luego aporrear en manifestaciones a todo aquel que denuncie públicamente su inactividad o reivindique una mejora en las condiciones de trabajo; y nadie aborta el temible ciclo thatcheriano. La imposibilidad de avanzar se impone sobre la necesidad de crecer, de acceder a un medio de vida. Y por primera y única vez en la obra de Loach, ese choque viene retratado en blanco y negro, con una conciencia plenamente documental. *No future*. La Inglaterra grisácea de los ochenta es un mundo oscuro, cerrado, al que uno solo puede pertenecer después de prestar juramento. Frente a ello, la película ofrece una visión muy poco complaciente: resalta la antipatía del integrado, el joven orgulloso de su despegue militar, y la torpeza del joven desnortado. Dos caras de una misma moneda que, bajo el ojo crítico de Loach, ha perdido trágicamente todo su valor.

Daniel Gascó

